

Palavra comum

Artes e letras da lua nova

[Início](#)
[Contato](#)
[Blogue](#)
[Galeria](#)
[Música](#)
[Letras ▾](#)
[Artes ▾](#)
[Entrevistas](#)
[Humanidades ▾](#)
[Search Something.](#)


A seiva calcinada, de Alberte Momán

Verónica Martínez Delgado
 0 comentarios

13:30, 14.Jan 2015

Padezo dunha memoria extremada e, malia iso, non lembro cando coñecín a Alberte Momán. Tentei recordalo varias veces e só intúo de certo que debeu ser nalgún acto literario. El tampouco se lembra.

Coido que nunca nos coñecemos, debemos recoñecérmonos, sinxelamente, na mesma xeración e identidade, na mesma cidade que fagocita e non devolve nada, na non educación franquista recibida a pesares do asomo e

promesa da transición inexistente, na mesma ollada sen ningunha esperanza, na certeza da ausencia de futuro, na cultura do silencio tácito, do medo, da dor e da vivencia das miserias máis escuras. Recoñecino coma ao veciño de porta, co que se medra, co que se comparten xogos, o camiño ao colexio e toda a violencia que as paredes medianeiras soportan nos seus tixolos. Recoñecino como acubillo necesario para conter e soportar o vivo, sen explicarnos os motivos. Ollámonos e soubemos o un do outro e de tantos outros coma nós.

E a comprensión lévao ao silencio respectuoso. Ese que marca un dos trazos fundamentais do carácter do Alberte e que abre un espazo inmenso para a escoita, para a empatía e a comprensión de todos aqueles que padecemos.

Creo que o Alberte escribe para compensar esa cultura do silencio gravada a ferro polas experiencias. E fire tanto coa súa pluma, ata o punto de non ser unha lectura soportable ás veces, pola intensidade dos berros que calou.

Posúo a certeza de que todos e todas precisamos da súa escrita, por sincera, honesta, incisiva, intensa, congruente e ata cruel. Non é doado ler os seus textos porque no mundo hipócrita no que vivimos, onde o líquido prevalece xunto con todo o superficial, ninguén quere escoitar a verdade, sabernos alienados ata o límite de perdernos, aceptarnos no consumo, no maltrato, na falta de identidade, de compromiso, de crenzas e de valores.

Se moitos de nós conseguíssemos pensar coma el, reaxir como nos indica na súa escrita e no seu discurso, o país no que vivimos sería ben outro.

Pero non queremos pensar, acomodados nos nosos confortables sofás e vidas pequenoburguesas, anestesiados pola posesión, obsesionados polo ter de Fromm, incluso por posuír todas as modalidades de escravismo que provoca o capital, dende aí, non desexamos que nos zarandeen as consciencias ou o pouco que nos resta delas. E Alberte convidanos a reflexionar, a ser, explicitando cal é a verdadeira miseria da nosa existencia, alentada pola nosa ignorancia.

Por iso, a poesía de Alberte é incómoda e obríganos a tomar distancia, porque as atrocidades que denuncia cheiran a merda e salpican.

En A seiva calcinada, coma en toda a súa obra anterior, mestura con gran ironía e mellor humor, con metáforas intelixentes: o sexo, a castrante relixión coa denuncia política, a cotidianidade e o individual coa problemática social, contextualizando os seus versos na historia do noso país. Porque o Alberte entende que o mundo é continuo e todo se entremestura, malia que o politicamente correcto e as normas sociais parcelen aos individuos e calquera maltratador poida continuar a ser bo veciño ou bo profesional.

Alberte disecciona en cada texto a mísera herdanza que lle imos deixar aos nosos fillos, a venda dun propio, da nosa seiva, por entrar obrigatoriamente no canibalismo da sociedade e non ser ese alguén en risco de exclusión social, produto e termo inventado para sustentar o status quo da democracia totalitaria. Xa que a nosa seiva fica calcinada por nós mesmos, atendamos á ineludible reflexión individual e conxunta que Alberte nos apunta, a que antecede inevitablemente ao cambio necesario.

Google
 17

Sobre o autor / a autora

Verónica Martínez Delgado